



CONCELLO DE CANGAS

R/ CASTELAO, 2
36940 Cangas- Pontevedra

DOCUMENTACIÓN DERIVADA DE REQUERIMIENTO CONTRACTUAL

ARTIGO: 10 do Prego de Prescripcóns Técnicas. *Obras e instalacións por conta da concesionaria.*

DESCRIPCIÓN: *Presentación de proposta para realización de varias obras con cargo ó Plan de Inversións comprometido pola concesionaria.*

Mediante este escrito, vimos a presentar unha proposta de actuacións e obras de carácter urxente para a reforma e mellora dos servicios de abastecemento, saneamento e depuración do Concello de Cangas.

Tal e como se recolle no artigo de referencia e posteriores, é preciso que o Concello de Cangas solicite que se realicen os correspondentes proxectos de actuación para que, unha vez presentados, sexan aprobados e finalmente executados con cargo ó Plan de Inversións recollido no contrato de concesión.

Unha vez contrastadas cales son as necesidades de maior urxencia en orde á súa incidencia medioambiental e á demanda dos veciños deste Concello, estamos en disposición de presentar unha secuencia de medidas ordenadas segundo o criterio anteriormente exposto:

1.- Reforma do bombeo de Massó e prolongación da actual impulsión. (Anteprojecto de explotación; Memoria; Apéndice 3 Inversións; Punto 4.2: "Actuacións de saneamento no núcleo urbano"). Se inclúe o aumento de capacidade desta EBAR, implantación dun pretratamento e a prolongación da impulsión ata as instalacións da EDAR Areamilla. PEM aproximado 150.000 €.

2.- Mellora pretratamento EDAR Areamilla (Anteprojecto de explotación; Memoria; Apéndice 3 Inversións; Punto 2.1 "Proxecto de Mellora da EDAR de

Cangas" e ampliado na *Proposta de Melloras Urxentes na EDAR* presentada por esta concesionaria e rexistrada nese Concello o pasado 5 de Xullo de 2016). Recolle a construción dun novo pozo de gruesos e desbaste para eliminar sólidos e aumenta-la capacidade da pranta. PEM aproximado 160.000 €

3.- Reforma e posta a punto dos bombeos de fecáis. (Anteproxecto de explotación; Memoria; Apéndice 3 Investimentos; Punto 4.5: "*Posta a punto e reparacións necesarias*" e ampliado no "*Proxecto de melloras nos bombeos de residuais de Cangas*". Onde se recollen as reformas para pór a punto ós bombeos de residuais de maior importancia. PEM aproximado 210.000 €

4.- Emisario submarino na EDAR Areamilla. (Anteproxecto de explotación; Memoria; Apéndice 3 Investimentos; Punto 2.1 "*Proxecto de Mellora da EDAR de Cangas*" e ampliado na *Proposta de Melloras Urxentes na EDAR* presentada por esta concesionaria e rexistrada nese Concello o pasado 5 de Xullo de 2016). Colocación de tubería de emisario e arquetón de toma de mostras e control de verquido á saída da EDAR. PEM aproximado 70.000 €

5.- Reforma bombeo Concello (Anteproxecto de explotación; Memoria; Apéndice 3 Investimentos; Punto 4.2: "*Actuacións de saneamento no núcleo urbano*") Se incluírían as obras de ampliación e reforma do bombeo urbano de máis capacidade do Concello. PEM aproximado 45.000 €

6.- Melloras na rede de abastecemento (Anteproxecto de explotación; Memoria; Apéndice 3 Investimentos; Punto 3: "*Investimentos en Abastecemento*") Se diseña unha implantación inicial dos programas de control de xestión e información da rede de abastecemento así como un plantexamento de sectorización e redución de perdas. PEM aproximado 210.000 €

7.- Reforma ultravioletas EDAR Areamilla (Anteproxecto de explotación; Memoria; Apéndice 3 Investimentos; Punto 2.2 "*Proposta de posta a punto e*



reparación de equipos averiados das EDAR" e ampliado na Proposta de Melloras Urxentes na EDAR presentada por esta concesionaria e rexistrada nese Concello o pasado 5 de Xullo de 2016). Se recolle a necesidade de reforma e posta en marcha do sistema de tratamento terciario con ultravioleta. PEM aproximado 300.000 €.

Con estas liñas confeccionamos un resumen de presuposto aproximado

Cap.	Descrición da actuación	Importe
1	REFORMA DE BOMBEO DE MASSÓ E IMPULSIÓN	150.000 €
2	POZO DE GROSOS E DESBASTE EDAR	160.000 €
3	MELLORA DE BOMBEOS FECÁIS	210.000 €
4	EMISARIO SUBMARINO EDAR	70.000 €
5	REFORMA BOMBEO CONCELLO	45.000 €
6	MELLORAS REDE ABASTECIMENTO	210.000 €
7	POSTA EN MARCHA DESINFECIÓN UV	300.000 €


Como xa dixemos é potestade dese Concello determinar os proxectos necesarios para a consecución destas obras e a posterior aprobación destes para a súa realización definitiva.

Quedamos pendentes de la consideración de ~~esta~~ proposta por parte de esa administración local, atentamente

Cangas, 16 de febreiro de 2.017

Asdo: D. Francisco Cornesaña Diego.
Xefe de ~~Servicio~~ UTE Gestión Cangas

UTE Gestión Cangas

 UTE Gestión Cangas

CIF: B57.800.314

SR. ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE CANGAS